



DE RAXÓ A COMBARRO (polo litoral de Poio)

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 7 km (lineal)
Dificultade: baixa



Combarro

Unha camiñada de interese paisaxístico e ambiental ao longo dun litoral con dúas partes ben diferenciadas: o tramo entre Raxó e Combarro ata A Seca en Poio, con tramos rochosos de pouca altura, de acceso imposible porque están totalmente cubertos por edificacións e os seus peches, e areas de accesos limitados pola mesma razón; e o tramo entre A Seca e a Ponte da Barca con escasa presión humana, máis natural, con grandes superficies areosas que son bancos marisqueiros, os lameiros do fondo da ría nos que se poden atopar numerosas limícolas e outras aves acuáticas e fermosos lugares para un paseo.

Para percorrelo tamén o fixemos en dúas etapas que comezamos nos dous puntos extremos e rematamos en Combarro, aínda que se podería facer todo nunha xornada.

RAXÓ. Vista desde o miradoiro da Granxa.
No primeiro plano a praia de Xiorto e ao fondo a illa de Tambo.



DE RAXÓ A COMBARRO

Saímos de **Raxó**, desde a praia da **Pedra Alta**, compartida con Sanxenxo, pasamos polas de **Xiorto** e **Raxó**, separadas polo peirao de Raxó, e subimos a costa para, por un camiño acondicionado, baixar á **praia de Sinás**.

Achegámonos polas rochas á **punta das Sinás** para ver a **enseada das Sinás**, sen acceso posible por outro lugar, e volvemos atrás, á praia, para subir á estrada. Camiñamos pola berma ata chegar ao indicador de **Praia de Fontemaior**. Baixamos a ela e, para non volver á estrada e aproveitando a marea baixa, seguimos polas rochas dos recheos das propiedades que hai por enriba e de pequenos cantís bastante rillados, entre as que hai pequenos areais que cubre a marea e para os que non hai outro acceso posible, ata que chegamos á **praia do Laño** onde hai o primeiro acceso desde a estrada, por un carreiro ao pé do regueiro que desemboca nela, e un pouco máis adiante o acceso principal á praia. O areal do Laño está acondicionado e ten por enriba un camiño que pola **punta de Samieira** e logo con pasos elevados e tramos voados lévanos pola **praia do Caeiro** ao **Covelo** onde atopamos o peirao, as praias, e a desembocadura do **rego do Covelo**, cun desnivel en rocha no que a auga salta e branquea formando unha bonita escorregadoira. No remate do seo do Covelo está a **praia de Area da Barca** e a **punta da Cachola**. Desde aquí seguir pola costa non compensa o esforzo así que volvemos á praia e desde ela subimos á estrada ata chegar ao indicador da **praia da Ouriceira**. Baixamos ao areal, que se asenta ao abrigo da **punta da Carajilla** que non se pode rodear, e temos que subir á estrada outro pouco ata chegarmos ao indicador de **Praia de Chancelas**. Por un carreiro acondicionado baixamos a ela, percorrémola e superando unha punta rochosa pasamos á **praia de Chancelas Pequena** para ir á **punta Vixía**, o punto máis achegado á **illa de Tambo**, que forma parte do territorio do concello de Poio e estivo presente en todo o traxecto. Desde a punta Vixía hai que subir á estrada ata chegar a Combarro. Un pouquiño antes de chegar ao desvío ao porto, entre unha casa e un hotel, hai unha baixada sen indicar á **Area da Covicha** un pequeno areal que cubre a subida do mar. De volta arriba temos diante a **praia da Canteira**, o porto e o aparcamento onde rematamos o percorrido.



Raxó. Unha pequena vila mariñeira cun porto dedicado á pesca de baixura e o marisqueo.



Praia e porto de Raxó.

A **Ría de Pontevedra** é a máis pequena das rías baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabcastro, ao norte e o cabo Udra, ao Sur.

Está separada da ría de Vigo pola península do Morrazo na que se eleva a Serra de Domaio. O río máis importante que desauga nela é o Lérez e do Castrove e Domaio baixan pequenos regatos. Na boca da ría atópase o arquipélago de Ons e no seu interior a pequena illa de Tambo.



Ría de Pontevedra: enseada de Campelo, Combarro e Tambo (desde o Castrove)



Praia de Raxó



Praia das Sinás



Praia das Sinás




3-Enseada das Sinás



Praia A Lameiriña



Praia de Fontemaior



O Tombo



O Carballo



Punta do Mar. Ao fondo a praia do Laño, a punta de Samieira e a illa de Tambo



Punta do Mar.



Praia do Laño. Rego dos Muíños.



Rego dos Muíños



Estripo na praia do Laño



Punta de Samieira



Praia do Caeiro



Rego de Covelo.



Porto e praia de Covelo



Punta da Cachola.



Area da Barca. Punta da Cachola.



Praia da Ouriceira





Praia de Chancelas e punta Carajilla



Praia Pequena de Chancelas e punta Vixia

Illa de Tambo


A **illa de Tambo** está separada da costa de Poio por unha canle de 1,1 km, de pouca profundidade. A súa superficie é de 0'28 km², cunha altura máxima de 80 m, e un perímetro de 4 km. No século VI houbo unha capela e logo un mosteiro. No século XII era propiedade da raíña Urraca e logo foi doada ao convento de San Xoán de Poio. En 1846, coa desamortización pasa a mans privadas e é mercada polo ministerio de Xustiza. Funcionou como lazareto e penitenciaría militar. En 1943 coa creación da Escola Naval Militar de Marín pasa a uso militar e emprégase como arsenal. Desde outubro de 2018 permítense visitas organizadas á illa. Está proposta a súa inclusión no Parque Nacional das Illas Atlánticas.



Faro e punta de Tenlo



Area da Illa e punta Corveira



Vista oeste



Punta Xunqueiro e Area da Covicha.



Praia da Canteira.



Combarro, unha vila mariñeira que conserva un dos conxuntos arquitectónicos populares máis interesantes de Galiza e no que destacan as casas mariñeiras e os hórreos (máis de trinta) á beira do mar. Está declarado Ben de Interese Cultural, Conxunto Histórico e Sitio Histórico.

COMBARRO. Peiraos da Canteira e da Chousa.





Peiraos de Combarro



Vistas de Combarro

